Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Santa Ádega de Reádegos

O castro de Santa Ádega está en San Vicente de Reádegos, en Vilamarín (Ourense). Os mouros que viven alí téñeno minado por dentro, así que está oco ou choco, e nas minas gardan os mouros moito ouro.

Unha vez pasou un vello cunha xugada de bois polas proximidades do castro e os mouros ofrecéronlle e acabaron mercándolle os bois. Cando llelos ía entregar aos mouros e xa entraba debaixo da terra con eles, un mouro vello, facendo que cheiraba todo arredor, dixo:

—Huele a carne de cristianillo!

O vello pasou un bo susto pero facer, non lle fixeron nada.

Tamén se di que entre o castro de Santa Ádega e o castro da Madanela hai unha trabe de ouro que só se ha descubrir por unha roda dun carro ou a pata dunha cabra. Mais é perigoso intentar destapala pois hai unha trabe de lume e outra de alcatrán que poden rebentar

BIBLIOGRAFÍA

CATÁLOGO DO CASTROS GALEGOS, Val de Vilamarín, Nós, 49, 1928, páx. 14.